



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Publicación modificación da instrución 4/2017, sobre o procedemento de creación e xestión de listaxes de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 10 de xullo de 2026, adoptou a seguinte resolución:

1. Modificar a Instrución 4/2017, sobre o procedemento de creación e xestión de listaxes de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, co seguinte teor literal:

1. Modificación Artigo 2.

Artigo 2. Creación, actualización e eficacia das listas de agarda

1. Con carácter xeral, para a cobertura de prazas con persoal funcionario interino acudirase ás listas de agarda creadas para o efecto tras as distintas convocatorias de procesos selectivos das mesmas prazas ou categorías, finalizados ao amparo da convocatoria unitaria vixente no momento do nomeamento.

A estes efectos, as bases das convocatorias dos procesos selectivos do Concello da Coruña, recollerán a puntuación mínima para a superación do primeiro exercicio da fase de oposición que dará dereito a estar nas listas de agarda. Con carácter xeral, a devandita puntuación mínima será a equivalente ao 50% da puntuación máxima do exercicio, é dicir, o 50% do resultado neto do exercicio.

No suposto dos procesos selectivos por concurso-oposición, só se terá en conta a puntuación obtida na fase de concurso de aquelas persoas que superen todos os exercicios da fase de oposición.

2. O Servizo de RR.HH. , unha vez celebrados os procesos selectivos correspondentes para o acceso ás prazas incluídas nas ofertas de emprego público ou para a cobertura de prazas por persoal funcionario interino, confeccionará **unha única lista para cada categoría**, na que se integrarán:

- En primeiro lugar, todas as persoas participantes no último proceso selectivo celebrado para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público pola quenda libre ou no seu defecto, do proceso convocado para a elaboración de listas de persoal interino; sempre e cando estas persoas aprobaran algún exercicio conforme ao establecido no punto 1 do presente artigo.
- En segundo lugar, todas as persoas participantes incluídas na última lista cronoloxicamente aprobada, derivada de calquera dos seguintes tipos de procesos selectivos, sempre e cando estas persoas aprobaran algún exercicio conforme ao establecido no punto 1 do presente artigo:
 - ✓ Os convocados para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público pola quenda libre
 - ✓ Os convocados para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público polo quenda de promoción interna
 - ✓ Os convocados para a elaboración de listas de persoal interino
 - ✓ Os convocados para a cobertura de prazas incluídas nos procesos extraordinarios de estabilización por concurso-oposición. Estas listas de agarda, sempre se incluírán na lista única en segundo lugar, non podendo figurar en ningún caso en primeiro lugar.

As persoas aspirantes que esteen incluídas en ambas relacións (primeiro e segundo lugar que antecede) da mesma categoría indicadas no parágrafo anterior, só figurarán unha única vez na lista tendo en conta a súa posición na relación das persoas participantes do último proceso selectivo para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público pola quenda libre.

3. Dita lista única será publicada na páxina web do Concello como lista de agarda provisional abríndose un prazo de dez días hábiles para que as persoas interesadas poidan formular alegacións ou aportar a documentación que estimen oportuna.

4. A aprobación das listas de agarda definitivas realizarase por resolución da Concellaría competente en materia de recursos humanos, que terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Concello.

Na publicación da resolución deberá facerse constar que a resolución pon fin á vía administrativa, indicando os recursos que legalmente procedan contra a mesma.

5. As listas de agarda actualizaranse semanalmente se houbese movementos nelas.

6. As listas de agarda terán efectos ata a aprobación doutra posterior derivada da resolución de novas convocatorias de procesos selectivos.

As listas de agarda deixarán de ter efectos aos tres anos da súa aprobación, salvo que esgotado o prazo, estea en tramitación un proceso selectivo, en cuxo caso prorrogarase automaticamente a súa eficacia ata a aprobación da nova lista resultante do proceso selectivo en curso.

7. Cando non existan listas de agarda nalgún corpo ou categoría ou cando se esgoten as existentes, convocaranse procesos de selección específicos para a constitución de novas listas de agarda, nos que estarán garantidos os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, con aplicación dos mesmos criterios e garantías recollidos na convocatoria unitaria vixente nese momento.

Con todo ao anterior, mentres non finalice o proceso específico para a constitución da nova lista de agarda, poderase acudir á unha lista de agarda dunha categoría equivalente o que se comunicará previamente ás persoas integrantes da comisión de avaliación e seguimento das listas de agarda.

8. A participación en distintos procesos selectivos de diferentes categorías dará dereito ás persoas aspirantes a figurar simultaneamente nas respectivas listas de agarda.

9. Para no prexudicar o normal funcionamento dos servizos, a efectividade dos novos nomeamentos poderá adiarse de forma motivada por un tempo prudencial que non excederá dun mes.

2. Modificación Artigo 4.

Artigo 4. Mellora de emprego

1.- As persoas que figuren na lista de agarda correspondente, teñan unha proposta de nomeamento nesta Administración de duración igual ou inferior a un ano e transcorrese un mínimo de 9 meses desde o devandito nomeamento, serán chamados para novos nomeamentos pola súa orde de prelación nos seguintes casos:

- a) Cando o novo nomeamento sexa para a execución dun programa de carácter temporal o cal teña unha duración igual ou superior a un ano no momento do chamamento.
- b) Cando o novo nomeamento sexa para a cobertura dunha praza vacante.

2.- A mellora só se ofertará unha vez por persoa aspirante e só poderán cambiar de nomeamento en virtude de mellora de emprego unha única vez durante o período no que se manteña dita lista de agarda. En virtude do exposto, establécese que aquelas listas que inclúan, en segundo lugar, persoas ás que xa se lles tivese ofertado unha mellora de emprego a través da lista anterior que se integra na nova lista en segundo lugar, non darán lugar a unha nova mellora de emprego.

3.- Ás persoas aspirantes que no primeiro chamamento da lista ofrézaselles unha vacante ou un programa de carácter temporal de duración igual ou superior a un ano, non se lles ofrecerá mellora.

4.- Os chamamentos que se realicen de cada lista de agarda para a cobertura de prazas nas entidades de dereito público do sector institucional do Concello da Coruña non terán o carácter de mellora, xa que a estes nomeamentos non é de aplicación a normativa municipal.

3. Modificación Artigo 5

Artigo 5. Rexeitamento xustificado do chamamento con permanencia nas listas de agarda

1.- Son causas xustificadas para rexeitar os chamamentos sen resultar excluídos da lista de agarda as seguintes:

- a) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza ou o período equivalente no caso de desempregados/as que se atopen en situacións similares.
- b) Incapacidade temporal ou enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada mediante parte de baixa, ou certificado médico expedido pola Seguridade Social.
- c) Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero.
- d) Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditada mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso.

- e) Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso ou licenza.
- f) Coidado directo de menores de 0 a 3 anos ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, por razón de idade, enfermidade ou accidente, sempre que se acredite a situación de dependencia ou a necesidade de asistencia por outra persoa.
- g) Estar a prestar servizos nunha Administración Pública ou empresa.
- h) A non aceptación de nomeamentos para a cobertura de prazas ofertadas para prestar servizos en entidades de dereito público do sector institucional do Concello da Coruña.
- i) A non aceptación de nomeamentos para a cobertura de prazas doutra categoría diferente á lista de agarda pola que se realiza o chamamento
- j) Outras causas análogas debidamente xustificadas, que poderán ser tomadas en consideración previo estudo pola Comisión a que se refire o artigo 8 desta instrución

2.- En todos os casos, a causa do rexeitamento xustificada deberá quedar acreditada no expediente, aportándose pola persoa interesada a documentación xustificativa no prazo de vinte e catro horas establecido no artigo 3 desta instrución, a excepción das causas previstas nas letras h) e i) que será xustificada de oficio polo Servizo de Recursos Humanos.

3.- Durante o período que dure esta situación a persoa aspirante será cualificado/a na lista de agarda coa denominación “Suspensión temporal por causas xustificadas”, especificando a data de inicio e, no seu caso, fin do período de suspensión. A persoa aspirante que estea incurso nunha causa de rexeitamento xustificada conforme ao disposto neste artigo conservará a súa orde de prelación. Non obstante o anterior, as persoas que se atopen nos supostos previstos nas letras h) e i) conservarán a súa orde de prelación na lista e permanecerán en situación de dispoñibilidade para os seguintes chamamentos que se efectúen con cargo á mesma.

Durante a situación de “Suspensión temporal por causas xustificadas” prevista neste artigo, as persoas aspirantes non serán chamadas en ningún caso, a excepción dos supostos previstos nas letras h) e i).

As persoas aspirantes terán a obriga de comunicar a finalización da causa de suspensión no prazo de 10 días hábiles seguintes a que esta se produza, quedando en situación de “baixa definitiva” na lista en caso contrario. Esta situación comprobarase no momento da solicitude de alta, no que deberán achegar certificado de vida laboral ou documentación acreditativa da finalización da causa de suspensión. No caso de suspensión por estar prestando servizos como funcionario interino neste concello deberá comunicarse tamén a finalización da suspensión.

Calquera aspirante en situación de “Suspensión temporal por causas xustificadas” dos apartados f), g) e j) do artigo 5 poderá solicitar voluntariamente saír desa situación e incorporarse á situación de alta na lista de agarda, non podendo invocar a mesma causa xustificativa da suspensión durante o período no que se manteña en dita lista de agarda. A alta efectiva na lista producirase aos 20 días hábiles da solicitude.

4. Eliminación dos artigos 5 bis) e 7

1. Incorporación da Disposición Transitoria Única

Disposición transitoria única. Réxime de vixencia

A modificación do artigo 2 será de aplicación exclusivamente ás listas de persoal funcionario interino que se aproben con posterioridade á publicación da presente instrución. Non obstante o anterior, o previsto no segundo parágrafo do apartado 7 do devandito artigo 2, entrará en vigor ao día seguinte da publicación da presente instrución.

O resto das modificacións previstas nos artigos 4 e 5, así como a supresión do artigo 5 bis e do artigo 7, entrarán en vigor ao día seguinte da publicación da presente instrución.

2. O texto consolidado da Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listaxes de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, que será obxecto de publicación na páxina web do Concello da Coruña, queda da seguinte maneira:

“INSTRUCCIÓN 4/17 SOBRE O PROCEDEMENTO DE CREACIÓN E XESTIÓN DE LISTAS DE AGARDA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO DO CONCELLO DA CORUÑA

Artigo 1. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto, establecer o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para a cobertura interina de postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira do Concello da Coruña, de acordo coas modalidades reguladas no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e no art. 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Artigo 2. Creación, actualización e eficacia das listas de agarda

1. Con carácter xeral, para a cobertura de prazas con persoal funcionario interino acudirase ás listas de agarda creadas para o efecto tras as distintas convocatorias de procesos selectivos das mesmas prazas ou categorías, finalizados ao amparo da convocatoria unitaria vixente no momento do nomeamento.

A estes efectos, as bases das convocatorias dos procesos selectivos do Concello da Coruña, recollerán a puntuación mínima para a superación do primeiro exercicio da fase de oposición que dará dereito a estar nas listas de agarda. Con carácter xeral, a devandita puntuación mínima será a equivalente ao 50% da puntuación máxima do exercicio, é dicir, o 50% do resultado neto do exercicio.

No suposto dos procesos selectivos por concurso-oposición, só se terá en conta a puntuación obtida na fase de concurso de aquelas persoas que superen todos os exercicios da fase de oposición.

2. O Servizo de RR.HH. , unha vez celebrados os procesos selectivos correspondentes para o acceso ás prazas incluídas nas ofertas de emprego público ou para a cobertura de prazas por persoal funcionario interino, confeccionará unha **única lista para cada categoría**, na que se integrarán:

- En primeiro lugar, todas as persoas participantes no último proceso selectivo celebrado para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público pola quenda libre ou no seu defecto, do proceso convocado para a elaboración de listas de persoal interino; sempre e cando estas persoas aprobaran algún exercicio conforme ao establecido no punto 1 do presente artigo.
- En segundo lugar, todas as persoas participantes incluídas na última lista cronoloxicamente aprobada, derivada de calquera dos seguintes tipos de procesos selectivos, sempre e cando estas persoas aprobaran algún exercicio conforme ao establecido no punto 1 do presente artigo:
 - ✓ Os convocados para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público pola quenda libre
 - ✓ Os convocados para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público polo quenda de promoción interna
 - ✓ Os convocados para a elaboración de listas de persoal interino
 - ✓ Os convocados para a cobertura de prazas incluídas nos procesos extraordinarios de estabilización por concurso-oposición. Estas listas de agarda, sempre se incluírán na lista única en segundo lugar, non podendo figurar en ningún caso en primeiro lugar.

As persoas aspirantes que esteen incluídas en ambas relacións (primeiro e segundo lugar que antecede) da mesma categoría indicadas no parágrafo anterior, só figurarán unha única vez na lista tendo en conta a súa posición na relación das persoas participantes do último proceso selectivo para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público pola quenda libre ou no seu defecto, no proceso convocado para a elaboración de listas de persoal interino.

3. Dita lista única será publicada na páxina web do Concello como lista de agarda provisional abríndose un prazo de dez días hábiles para que as persoas interesadas poidan formular alegacións ou aportar a documentación que estimen oportuna.

4. A aprobación das listas de agarda definitivas realizarase por resolución da Concellaría competente en materia de recursos humanos, que terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Concello.

Na publicación da resolución deberá facerse constar que a resolución pon fin á vía administrativa, indicando os recursos que legalmente procedan contra a mesma.

5. As listas de agarda actualizaranse semanalmente se houbese movementos nelas.

6. As listas de agarda terán efectos ata a aprobación doutra posterior derivada da resolución de novas convocatorias de procesos selectivos.

As listas de agarda deixarán de ter efectos aos tres anos da súa aprobación, salvo que esgotado o prazo, estea en tramitación un proceso selectivo, en cuxo caso prorrogarase automaticamente a súa eficacia ata a aprobación da nova lista resultante do proceso selectivo en curso.

7. Cando non existan listas de agarda nalgún corpo ou categoría ou cando se esgoten as existentes, convocaranse procesos de selección específicos para a constitución de novas listas de agarda, nos que estarán garantidos os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, con aplicación dos mesmos criterios e garantías recollidos na convocatoria unitaria vixente nese momento.

Con todo ao anterior, mentres non finalice o proceso específico para a constitución da nova lista de agarda, poderase acudir á unha lista de agarda dunha categoría equivalente o que se comunicará previamente ás persoas integrantes da comisión de avaliación e seguimento das listas de agarda.

8. A participación en distintos procesos selectivos de diferentes categorías dará dereito ás persoas aspirantes a figurar simultaneamente nas respectivas listas de agarda.

9. Para no prexudicar o normal funcionamento dos servizos, a efectividade dos novos nomeamentos poderá adiarse de forma motivada por un tempo prudencial que non excederá dun mes.

Artigo 3. Procedemento de chamamento e xestión da lista de agarda

1.- Os chamamentos das persoas aspirantes realizaranse por orde de prelación na lista, utilizando o medio de comunicación escollido par eles/elas na solicitude.

Os chamamentos faranse entre as 8:00 e as 15:00 horas, debendo quedar constancia no expediente da súa realización mediante dilixencia asinada polo/a funcionario/a que os efectuese, na que se indicará expresamente o día, hora e resultado do chamamento respecto de cada aspirante.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de vinte e catro horas para aceptar expresamente o nomeamento, non computándose nese prazo os días inhábiles. Este prazo só poderá ampliarse motivadamente por causas xustificadas das que quede constancia escrita no expediente. O rexeitamento ou a non aceptación no prazo establecido supón a exclusión da persoa aspirante da lista correspondente, agás o disposto no artigo 5 desta instrución.

2.- A orde de provisión de prazas con funcionarios/as interinos/as virá dada pola orde de finalización dos expedientes de autorización do nomeamento segundo a súa anotación no Libro de resolucións, salvo nos supostos excepcionais que serán valorados pola Comisión de avaliación e seguimento das listas de agarda. Á persoa aspirante que lle corresponda ofreceránselle por orde de prelación na lista todos os nomeamentos asentados ata ese momento. Sucesivamente, repetirase ese ofrecemento dos nomeamentos as restantes persoas aspirantes, seguindo a orde de prelación na lista, ata asignarse todos os nomeamentos.

3.- En todo caso, haberá que respectar as limitacións legais que existen para nomeamentos por exceso ou acumulación de tarefas. Neste caso, a situación da persoa aspirante figurará na lista de agarda coa denominación “Suspensión temporal para interinidade por acumulación de tarefas”, especificándose o período de suspensión.

4.- Durante o período que dure o nomeamento como funcionario interino será cualificado na lista de agarda coa denominación “Nomeado/a funcionario/a interino/a especificando o destino e a duración do contrato. Durante esta situación de “Nomeado/a funcionario/a interino/a” prevista neste artigo, as persoas aspirantes serán chamadas para aquelas melloras establecidas no artigo 4.1.

Artigo 4. Mellora de emprego

1.- As persoas que figuren na lista de agarda correspondente, teñan unha proposta de nomeamento nesta Administración de duración igual ou inferior a un ano e transcorrese un mínimo de 9 meses desde o devandito nomeamento, serán chamados para novos nomeamentos pola súa orde de prelación nos seguintes casos:

- a) Cando o novo nomeamento sexa para a execución dun programa de carácter temporal o cal teña unha duración igual ou superior a un ano no momento do chamamento.
- b) Cando o novo nomeamento sexa para a cobertura dunha praza vacante.

2.- A mellora só se ofertará unha vez por persoa aspirante e só poderán cambiar de nomeamento en virtude de mellora de emprego unha única vez durante o período no que se manteña dita lista de agarda. En virtude do exposto, establécese que aquelas listas que inclúan, en segundo lugar, persoas ás que xa se lles tivese ofertado unha mellora de emprego a través da lista anterior que se integra na nova lista en segundo lugar, non darán lugar a unha nova mellora de emprego.

3.- Ás persoas aspirantes que no primeiro chamamento da lista ofrézaselles unha vacante ou un programa de carácter temporal de duración igual ou superior a un ano, non se lles ofrecerá mellora.

4.- Os chamamentos que se realicen de cada lista de agarda para a cobertura de prazas nas entidades de dereito público do sector institucional do Concello da Coruña non terán o carácter de mellora, xa que a estes nomeamentos non é de aplicación a normativa municipal.

Artigo 4-bis). Nomeamentos a tempo parcial

1.- As persoas que teñan un nomeamento ou contrato a tempo parcial, serán chamadas para novos nomeamentos a tempo completo e sen prexuízo dos chamamentos que procedan de acordo co artigo 4.

Artigo 5. Rexeitamento xustificado do chamamento con permanencia nas listas de agarda

1.- Son causas xustificadas para rexeitar os chamamentos sen resultar excluídos da lista de agarda as seguintes:

- a) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza ou o período equivalente no caso de desempregados/as que se atopen en situacións similares.
- b) Incapacidade temporal ou enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada mediante parte de baixa, ou certificado médico expedido pola Seguridade Social.
- c) Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero.
- d) Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditada mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso.

- e) Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso ou licenza.
- f) Coidado directo de menores de 0 a 3 anos ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, por razón de idade, enfermidade ou accidente, sempre que se acredite a situación de dependencia ou a necesidade de asistencia por outra persoa.
- g) Estar a prestar servizos nunha Administración Pública ou empresa.
- h) A non aceptación de nomeamentos para a cobertura de prazas ofertadas para prestar servizos en entidades de dereito público do sector institucional do Concello da Coruña.
- i) A non aceptación de nomeamentos para a cobertura de prazas doutra categoría diferente á lista de agarda pola que se realiza o chamamento
- j) Outras causas análogas debidamente xustificadas, que poderán ser tomadas en consideración previo estudo pola Comisión a que se refire o artigo 8 desta instrución

2.- En todos os casos, a causa do rexeitamento xustificada deberá quedar acreditada no expediente, aportándose pola persoa interesada a documentación xustificativa no prazo de vinte e catro horas establecido no artigo 3 desta instrución, a excepción das causas previstas nas letras h) e i) que será xustificada de oficio polo Servizo de Recursos Humanos.

3.- Durante o período que dure esta situación a persoa aspirante será cualificado/a na lista de agarda coa denominación “Suspensión temporal por causas xustificadas”, especificando a data de inicio e, no seu caso, fin do período de suspensión. A persoa aspirante que estea incurso nunha causa de rexeitamento xustificada conforme ao disposto neste artigo conservará a súa orde de prelación. Non obstante o anterior, as persoas que se atopen nos supostos previstos nas letras h) e i) conservarán a súa orde de prelación na lista e permanecerán en situación de dispoñibilidade para os seguintes chamamentos que se efectúen con cargo á mesma.

Durante a situación de “Suspensión temporal por causas xustificadas” prevista neste artigo, as persoas aspirantes non serán chamadas en ningún caso, a excepción dos supostos previstos nas letras h) e i).

As persoas aspirantes terán a obriga de comunicar a finalización da causa de suspensión no prazo de 10 días hábiles seguintes a que esta se produza, quedando en situación de “baixa definitiva” na lista en caso contrario. Esta situación comprobarase no momento da solicitude de alta, no que deberán achegar certificado de vida laboral ou documentación acreditativa da finalización da causa de suspensión. No caso de suspensión por estar prestando servizos como funcionario interino neste concello deberá comunicarse tamén a finalización da suspensión.

Calquera aspirante en situación de “Suspensión temporal por causas xustificadas” dos apartados f), g) e j) do artigo 5 poderá solicitar voluntariamente saír desa situación e incorporarse á situación de alta na lista de agarda, non podendo invocar a mesma causa xustificativa da suspensión durante o período no que se manteña en dita lista de agarda. A alta efectiva na lista producirase aos 20 días hábiles da solicitude.

Artigo 6. Exclusión das listas de agarda

Quedarán excluídas da correspondente lista de agarda, con carácter definitivo, as persoas que:

- a) renuncien expresamente e por escrito a formar parte da lista;
- b) tendo sido chamadas, rexeiten un nomeamento por causas non xustificadas;
- c) tendo sido chamadas, non respondan á proposta dentro do prazo indicado no artigo 3;
- d) unha vez nomeadas, renuncien expresamente e por escrito ao nomeamento, agás no suposto de mellora de emprego previsto no artigo 4;
- e) unha vez nomeadas, sexan separadas do servizo por sanción disciplinaria.
- f) non comuniquen a finalización da causa de suspensión no prazo de 10 días hábiles seguintes a que ésta se produza, de conformidade có artigo 5.3.

Nestes supostos, a situación na correspondente lista cualificarase como “Baixa definitiva”, especificándose a causa e data.

Artigo 7. Comisión de avaliación e seguimento das listas de agarda

1.- Créase a Comisión de avaliación e seguimento das listas de agarda para o apoio á Concellaría de Persoal na xestión das listas de agarda.

2.- Corresponderá á Comisión:

- a) estudo das dúbidas, queixas, alegacións ou reclamacións que se presenten en relación coa xestión das listas de agarda do Concello da Coruña;
- b) a avaliación permanente da xestión das listas de agarda, a efectos de realizar propostas de mellora;

- c) a emisión de ditames interpretativos sobre a aplicación da presente instrución, a solicitude da Concellaría de Persoal.

3.- A Comisión de avaliación e seguimento das listas de agarda estará composta por 8 membros nomeados pola Concelleira responsable en materia de persoal, de acordo coa seguinte composición:

- a) Unha presidencia, que recaerá na persoa que ostente a xefatura de Servizo de Persoal. A Presidencia contará con voto de calidade no caso de empate nas votacións.
- b) Unha secretaría, que recaerá nunha persoa do servizo de persoal, a proposta da xefatura de Servizo, con voz e voto.
- c) Unha/un vogal do Servizo de Persoal, nomeada a proposta da xefatura de servizo.
- d) Unha/un vogal da Asesoría Xurídica, nomeada a proposta da Dirección da Asesoría Xurídica.
- e) Catro vogais, nomeados a proposta da Xunta de Persoal.

4.- Esta Comisión reunirse cada tres meses. Excepcionalmente, reunirse en calquera outro momento que se considere necesario a petición dalgún dos seus membros, sempre que existan alegacións ou incidencias relativas aos chamamentos. Neste ultimo caso, a comisión deberá reunirse nun prazo máximo de 2 días hábiles.

Os acordos acadados na Comisión de avaliación e seguimento das listas de agarda, tanto nas súas reunións periódicas como extraordinarias, serán obxecto de publicación na páxina web do Concello. Aqueles acordos da Comisión que impliquen a modificación da Instrución serán publicados previa ratificación dos mesmos na Mesa Xeral de Negociación.

Artigo 8. Listas de Agarda anteriores á publicación desta instrución e procesos selectivos en curso

1.- As listas de agarda aprobadas con anterioridade a data de publicación da presente instrución conservarán a súa validez e eficacia e pasarán a rexerse conforme ao disposto na mesma.

2.- Aplicarase esta instrución ás listas de agarda que se constitúan á finalización dos procesos selectivos que estean en curso.

3.- Para os efectos previstos nos artigos 4 e 7 terase en conta o tempo de prestación de servizos ou de suspensión anteriores á eficacia desta instrución

Artigo 9.- Persoal laboral

O referido na presente instrución ao persoal funcionario interino aplicarase nos casos de contratación de persoal laboral temporal, coa excepción dos contratos subvencionados por outra Administración Pública nos que se esixa a presentación dunha oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego.”

Disposición transitoria única. Réxime de vixencia

A modificación do artigo 2 será de aplicación exclusivamente ás listas de persoal funcionario interino que se aproben con posterioridade á publicación da presente instrución. Non obstante o anterior, o previsto no segundo parágrafo do apartado 7 do devandito artigo 2, entrará en vigor ao día seguinte da publicación da presente instrución.

O resto das modificacións previstas nos artigos 4 e 5, así como a supresión do artigo 5 bis e do artigo 7, entrarán en vigor ao día seguinte da publicación da presente instrución.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 14 de xullo de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/4791